

2. A Dirección Xeral da Policía programará e organizará, temporal e territorialmente, o proceso de substitución das tarxetas soporte do documento nacional de identidade emitidas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto polo novo documento nacional de identidade, podéndose establecer por razóns de interese público programacións especiais para determinados colectivos.

3. Só se poderá solicitar a expedición do novo documento nacional de identidade no marco da programación a que fai referencia o punto anterior.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

1. Quedan derogadas as seguintes disposicións: Decreto 196/1976, do 6 de febreiro, polo que se regula o documento nacional de identidade, e as modificacións levadas a cabo nel a través dos reais decretos 1189/1978, do 2 de xuño; 2002/1979, do 20 de xullo; 2091/1982, do 12 de agosto; e 1245/1985, do 17 de xullo.

2. Así mesmo, quedan derogadas todas aquelas normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao preceptuado neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro das competencias atribuídas ao Estado polo artigo 149.1.8.<sup>a</sup>, 18.<sup>a</sup>, 21.<sup>a</sup> e 29.<sup>a</sup> da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento.*

1. O Ministerio do Interior adoptará as disposicións necesarias para lle dar cumprimento ao previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, en materia de creación e modificación de ficheiros de titularidade pública.

2. Habilítanse os ministros do Interior, de Xustiza, de Economía e Facenda, de Industria, Turismo e Comercio e de Administracións Públicas para que ditén, no ámbito das súas respectivas competencias, cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Taxas.*

O Goberno promoverá a norma legal de rango adecuado para a adecuación da taxa que se teña que percibir pola expedición do documento nacional de identidade, de acordo co seu custo e considerando os beneficios que lle proporciona á comunidade.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*, excepto o relativo ao artigo 1.4 que entrará en vigor cando o faga o novo formato e deseño do documento nacional de identidade.

Dado en Madrid o 23 de decembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

O ministro do Interior,

JOSÉ ANTONIO ALONSO SUÁREZ

## XEFATURA DO ESTADO

**21261** *LEI 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco. («BOE» 309, do 27-12-2005.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

### Exposición de motivos

I

En España, igual ca noutros países desenvolvidos, o tabaquismo é a primeira causa illada de mortalidade e morbilidade evitable. A evidencia científica sobre os riscos que leva consigo o consumo de tabaco para a saúde da poboación é concluínte.

Estímase, segundo os datos da Organización Mundial da Saúde (OMS), que o consumo de tabaco é responsable do 90 por cento da mortalidade por cancro de pulmón, do 95 por cento das mortes por enfermidade pulmonar obstrutiva crónica, do 50 por cento da mortalidade cardiovascular e do 30 por cento das mortes que se producen por calquera tipo de cancro. En España falece cada ano como consecuencia do consumo de tabaco un número de persoas que representa o 16 por cento de todas as mortes acontecidas na poboación maior de trinta e cinco anos. Así mesmo, hai evidencias científicas de que o fume do tabaco no ambiente (consumo pasivo ou involuntario de tabaco) é causa de mortalidade, enfermidade e discapacidade. A Axencia Internacional de Investigación do Cancro da OMS determinou que a exposición ao aire contaminado con fume do tabaco é carcinóxénica nos seres humanos.

O consumo de tabaco, como factor determinante de diferentes patoloxías e como causa coñecida de morte e de importantes problemas sociosanitarios, constitúe un dos principais problemas para a saúde pública; de aí pois a necesidade de implantar medidas dirixidas á súa prevención, limitar a súa oferta e demanda e regular a súa publicidade, promoción e patrocinio.

Estas medidas deben estar en total sintonía coas actuacións previstas na Estratexia Europea para o Control do Tabaquismo 2002 da Rexión Europea e co Convenio Marco da OMS para o Control do Tabaco, feito en Xenebra o 21 de maio de 2003 e ratificado por España o 30 de decembro de 2004.

Así mesmo, a Unión Europea viu con preocupación o fenómeno do tabaquismo, que pretendeu combater a través de diferentes medidas normativas entre as que destaca a aprobación da Directiva 2003/33/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de maio de 2003, relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros en materia de publicidade e de patrocinio dos produtos do tabaco, directiva que, mediante esta lei, se incorpora ao noso ordenamento.

A Constitución española reconece no seu artigo 43 o dereito á protección da saúde, e encoméndalles no seu punto 2 aos poderes públicos a organización e tutela da saúde pública a través de medidas preventivas. Para contribuír á efectividade deste dereito, a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, estableceu a obriga das

administracións públicas sanitarias de orientar as súas actuacións prioritarias á promoción da saúde e á prevención das enfermidades, evitar as actividades e produtos que, directa ou indirectamente, poidan ter consecuencias negativas para a saúde e regular a súa publicidade e propaganda comercial.

No ámbito da lexislación existente sobre aspectos xerais relacionado co tabaco, cómpre constatar o seu carácter disperso e asistemático. Así, sen ánimo de exhaustividade, pódense citar o Real decreto 192/1988, do 4 de marzo, e a súa modificación posterior, operada mediante o Real decreto 1293/1999, do 23 de xullo, sobre limitacións na venda e uso do tabaco para a protección da saúde da poboación; o Real decreto 510/1992, do 14 de maio, polo que se regula a etiquetaxe dos produtos do tabaco e se establecen determinadas limitacións en aeronaves comerciais; o Real decreto 1185/1994, do 3 de xuño, sobre etiquetaxe de produtos do tabaco distintos dos cigarros e polo que se prohiben determinados tabacos de uso oral e se actualiza o réxime sancionador en materia de tabaco; o Real decreto 1079/2002, do 18 de outubro, polo que se regulan os contidos máximos de nicotina, alcatrán e monóxido de carbono dos cigarros, a etiquetaxe dos produtos do tabaco, así como as medidas relativas a ingredientes e denominacións dos produtos do tabaco, e o Real decreto 2198/2004, do 25 de novembro, polo que se determinan os colectivos aos cales se dirixen as políticas de cohesión para os efectos do seu financiamento polo Fondo de cohesión sanitaria durante o exercicio 2004. A lexislación vixente aborda igualmente a regulación dos aspectos publicitarios do fenómeno do tabaco, ben que prohibe unicamente a publicidade televisiva. A actual regulación áchase contida basicamente nas leis 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade, e 25/1994, do 12 de xullo, pola que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 89/552/CEE, sobre a coordinación de disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros relativas ao exercicio de actividades de radiodifusión televisiva, así como na Lei 22/1999, do 7 de xuño, que modifica a anterior.

No ámbito autonómico, en función das competencias estatutarias en materia de saúde pública, desde moi pronto se sentiu a necesidade de abordar a regulación destas cuestións; abonde citar, a título de exemplo, a Lei da Comunidade Autónoma de Cataluña 20/1985, do 25 de xullo, de prevención e asistencia en materia de substancias que poidan xerar dependencia. Hoxe pódese dicir que a práctica totalidade das comunidades autónomas lexislou, ben aprobando normas específicas sobre tabaco, como é o caso de Galicia co Decreto 75/2001, do 22 de marzo, sobre control sanitario da publicidade, promoción, subministración, venda e consumo de produtos do tabaco, e da Comunidade Foral de Navarra, coa aprobación da Lei foral 6/2003, do 14 de febreiro, de prevención do consumo de tabaco, de protección do aire respirable e da promoción da saúde en relación ao tabaco, ben no marco de regulacións máis amplas, xeralmente vinculadas a fenómenos de drogodependencias e outros trastornos aditivos, no caso das demais comunidades autónomas: Andalucía, Aragón, Canarias, Cantabria, Castilla-La Mancha, Castilla y León, Cataluña, Extremadura, Madrid, Región de Murcia, La Rioja, Comunidade Valenciana e País Vasco.

As consideracións expostas fan necesaria a adopción de novas medidas nunha dobre dirección. Por un lado, aquelas que inciden sobre o consumo e a venda, co aumento dos espazos sen fume, a limitación da dispoñibilidade e accesibilidade aos produtos do tabaco, especialmente aos máis novos, e a garantía de que o dereito da poboación non fumadora a respirar aire non contami-

nado polo fume do tabaco prevalece sobre a das persoas fumadoras. Resulta oportuno e necesario introducir novas medidas na venda e consumo de tabaco para emendar as limitacións e deficiencias da lexislación existente que o paso do tempo, a progresiva evidencia científica, a maior sensibilización e concienciación social e a proliferación e diversificación das estratexias de venda e promoción dos produtos do tabaco puxeron de manifesto.

Por outro lado, as medidas relativas á publicidade e á promoción dos produtos do tabaco, xa sexa directa ou indirecta, e o patrocinio de diferentes actividades, teñen unha probada influencia sobre as condutas persoais e os hábitos sociais, polo que se converten nun claro elemento de indución e favorecemento do seu consumo, especialmente no ámbito infantil e xuvenil; por iso faise necesario incidir limitativamente en todas as clases e medios de publicidade xa sexa impresos, radiofónicos, televisivos, electrónicos ou cinematográficos.

A adopción das medidas propostas faise tamén necesaria para ofrecer o soporte e a cobertura normativa ás intervencións educativas, preventivas e asistenciais desenvolvidas no conxunto do Estado. Tamén, desde este ángulo, se evidencia a necesidade de contar cunha base xurídica que facilite a existencia e eficacia destas intervencións, especialmente na poboación infantil e xuvenil, principal sector de poboación a que se dirixe a regulación dos produtos do tabaco.

Ben que o establecemento de espazos sen fume é unha actuación prioritaria de protección da saúde para a poboación en xeral, éo en maior medida no caso dos menores. Cabe sinalar a importancia do papel modélico dos profesionais docentes e sanitarios no seu labor educativo, de sensibilización, concienciación e prevención, fomentando modos de vida sen tabaco.

Co mesmo obxectivo, a prohibición da publicidade directa e indirecta e o patrocinio dos produtos do tabaco representa unha das principais medidas de protección, dirixidas á infancia e á xuventude, e pon de manifesto a responsabilidade das autoridades públicas, ao limitaren o acceso e dispoñibilidade dun produto, que xera adición, discapacidade, enfermidade e morte.

Non se pode descoñecer, polo demais, que o fenómeno do tabaquismo non se manifesta de igual xeito en homes e en mulleres. Advertíronse claras diferenzas tanto nas causas que inducen ao inicio do consumo, nas mesmas pautas de consumo, no mantemento da adición, na resposta aos tratamentos, na dificultade de abandono e nas taxas na recaída, e é evidente o maior impacto negativo para a saúde das mulleres.

É por iso polo que se fai necesario contemplar a perspectiva de xénero en todas e cada unha das estratexias que se desenvolvan para a abordaxe do tabaquismo, co obxecto de eliminar aqueles factores que propician unha situación desigual de oportunidades para gozar de saúde, discapacitarse ou morrer por causas previsibles.

Por outra parte, a interacción coa especial fisioloxía das mulleres e os procesos reprodutivos engádelles uns riscos específicos. Hai varias décadas que se coñece que a nicotina e o monóxido de carbono durante o embarazo son responsables dunha maior propensión ao aborto espontáneo e á mortalidade perinatal, así como unha redución de peso no neonato. A exposición da muller xestante como fumadora pasiva ao fume do tabaco presente no ambiente provoca nocividade sobre o feto.

Por todo o exposto, e tendo en conta a regulación e o rango normativo das disposicións citadas, faise aconsellable a promulgación dunha norma xeral que sistematice a regulación e cuxo rango sexa o axeitado á finalidade pretendida, para o que se optou pola forma de lei.

## II

A lei artículase en cinco capítulos, dedicados respectivamente á regulación das disposicións xerais, as limitacións á venda, subministración e consumo dos produtos do tabaco, a regulación da súa publicidade, promoción e patrocinio, medidas de prevención do tabaquismo, de promoción da saúde e de facilitación da deshabitación tabáquica, así como o réxime das infraccións e sancións.

O capítulo I conságrase ás disposicións xerais, delimita o obxecto e aclara, en forma de definicións, os conceptos fundamentais que se conteñen na lei.

O capítulo II regula as limitacións á venda, subministración e consumo dos produtos do tabaco. En canto ás limitacións á venda e subministración, a lei, en perfecta concordancia coa normativa que disciplina o mercado de tabacos, dispón que a venda e subministración polo miúdo de produtos do tabaco só se poderá realizar na rede de expendedorías de tabaco e timbre ou a través de máquinas expendedoras que contén coas autorizacións administrativas oportunas, polo que queda expresamente prohibido en calquera outro lugar ou medio.

Ademais, prohíbese vender ou entregar a persoas menores de dezoito anos produtos do tabaco, así como calquera outro produto que o imite e induza a fumar. Igualmente, prohíbese a venda de tabaco por persoas menores de dezoito anos. En calquera caso, prohíbese a venda e subministración en determinados lugares, tales como centros e dependencias das administracións públicas e entidades de dereito público, centros sanitarios ou de servizos sociais e as súas dependencias, centros docentes, centros culturais, centros e instalacións deportivas, centros de atención e ocio dos menores de idade, así como en calquera outro lugar, centro ou establecemento onde estea prohibido o seu consumo.

En canto ás limitacións sobre o consumo, a lei parte da distinción entre lugares onde se establece a prohibición total de fumar e lugares onde se prohíbe fumar pero se permite a habilitación de zonas para fumar, sempre que se cumpran determinados requisitos, tales como unha sinalización axeitada, a separación física do resto das dependencias e a dotación de sistemas de ventilación independente.

O capítulo III incorpora ao noso ordenamento a Directiva 2003/33/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de maio de 2003, relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros en materia de publicidade e de patrocinio dos produtos do tabaco.

A lei non se limita, non obstante, á mera transposición da normativa comunitaria, senón que, ademais, regula a prohibición da distribución gratuíta ou promocional de produtos, bens ou servizos ou calquera outra actuación cuxo obxectivo ou efecto directo ou indirecto, principal ou secundario, sexa a promoción dun produto do tabaco, así como de toda clase de publicidade, promoción e patrocinio dos produtos do tabaco en todos os medios, incluídos os servizos da sociedade da información, aínda que con determinadas excepcións.

Este capítulo complétase con normas sobre as denominacións comúns, expresión con que se identifican os nomes, marcas, símbolos ou calquera outro signo distintivo que sexan utilizados para produtos do tabaco e, simultaneamente, para outros bens ou servizos e que fosen comercializados ou ofrecidos por unha mesma empresa ou grupo de empresas con anterioridade á entrada en vigor da lei.

O capítulo IV incorpora medidas de prevención do tabaquismo impulsando accións de educación para a saúde e de información sanitaria.

Tamén recolle a promoción de programas para a deshabitación tabáquica na rede asistencial do Sistema Nacional de Saúde.

Créase o Observatorio para a Prevención do Tabaquismo, así como as necesarias medidas de coordinación no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde para o mellor cumprimento da lei.

A lei complétase cun preciso réxime de infraccións e sancións no capítulo V, no cal, ademais de tipificar as correspondentes condutas contrarias á norma e asignar-lles o respectivo reproche sancionador, se identifican os responsables, mesmo nos supostos de infraccións cometidas por menores, e se delimitan claramente as competencias sancionadoras.

Todas estas medidas, enmarcadas no contexto das políticas de saúde pública que as administracións públicas deben promover, poderanse complementar con programas de prevención e control do tabaquismo.

## CAPÍTULO I

## Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta lei ten por obxecto:

- a) Establecer, con carácter básico, as limitacións, sempre que se trate de operacións polo miúdo, na venda, subministración e consumo dos produtos do tabaco, así como regular a publicidade, a promoción e o patrocinio dos devanditos produtos, para protexer a saúde da poboación.
- b) Promover os mecanismos necesarios para a prevención e control do tabaquismo.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos desta lei enténdese por:

- a) Produtos do tabaco: os destinados a ser fumados, inhalados, chupados ou mastigados, que estean constituídos, aínda que só sexa en parte, por tabaco.
- b) Publicidade: toda forma de comunicación, recomendación ou acción comercial cuxo obxectivo ou efecto directo ou indirecto sexa a promoción dun produto do tabaco ou o uso do tabaco, incluída a publicidade que, sen mencionar directamente un produto do tabaco, intente eludir a prohibición da publicidade utilizando nomes, marcas, símbolos ou outros elementos distintivos de produtos do tabaco.
- c) Patrocinio: calquera tipo de contribución, pública ou privada, a un acontecemento, unha actividade ou un individuo cuxo obxectivo ou efecto directo ou indirecto sexa a promoción dun produto do tabaco ou o uso do tabaco.
- d) Promoción: todo estímulo da demanda de produtos do tabaco, como anuncios, publicidade e actos especiais, entre outros, destinados a atraer a atención e suscitar o interese dos consumidores.

## CAPÍTULO II

## Limitacións á venda, subministración e consumo dos produtos do tabaco

Artigo 3. *Venda e subministración dos produtos do tabaco.*

1. A venda e subministración polo miúdo de produtos do tabaco só se poderá realizar na rede de expende-

dorías de tabaco e timbre ou a través de máquinas expendedoras, situadas en establecementos que contén coas autorizacións administrativas oportunas, para a venda mediante máquinas, e queda expresamente prohibido en calquera outro lugar ou medio.

2. Prohíbese vender ou entregar a persoas menores de dezoito anos produtos do tabaco, así como calquera outro produto que o imite e induza a fumar. En particular, prohíbese a venda de doces, refrixerios, xoguetos e outros obxectos que teñan forma de produtos do tabaco e poidan resultar atractivos para os menores. Igualmente, prohíbese a venda de tabaco por persoas menores de dezoito anos.

No empaquetado dos produtos do tabaco deberá incluírse unha referencia expresa á prohibición da súa venda a menores de dezoito anos.

3. En todos os establecementos en que estea autorizada a venda e subministración de produtos do tabaco, instalaranse en lugar visible carteis que, de acordo coas características que sinalen as normas autonómicas no seu respectivo ámbito territorial, informen, en castelán e nas linguas cooficiais, da prohibición de venda de tabaco aos menores de dezoito anos e advirtan sobre os prexuízos para a saúde derivados do uso do tabaco. Nestes establecementos exixiráselles a todas as persoas compradoras, salvo que sexa evidente que son maiores de idade, acreditar a devandita idade mediante documento de valor oficial.

4. Prohíbese a comercialización, venda e subministración de cigarros e xarutiños non provistos de capa natural en unidades soltas ou empaquetamentos de menos de 20 unidades.

5. Prohíbese, no exercicio dunha actividade comercial ou empresarial, a entrega, subministración ou distribución de mostras de calquera produto do tabaco, sexan ou non gratuítas, e a venda de produtos do tabaco con desconto.

Presúmese que a entrega, subministración ou distribución de mostras ten lugar no exercicio dunha actividade comercial ou empresarial cando a efectúa directamente o fabricante, produtor, distribuidor, importador ou vendedor.

6. Prohíbese a venda e subministración de produtos do tabaco por calquera outro método que non sexa a venda directa persoal ou a través de máquinas expendedoras que garden as condicións sinaladas no artigo seguinte. Queda expresamente prohibida a venda ou subministración polo miúdo de produtos do tabaco de forma indirecta ou non persoal, mediante a venda a distancia ou procedementos similares.

#### Artigo 4. *Venda e subministración a través de máquinas expendedoras.*

A venda e a subministración a través de máquinas expendedoras realizarase de acordo coas seguintes condicións:

a) Uso: prohíbeselles aos menores de dezoito anos o uso de máquinas expendedoras de produtos do tabaco.

b) Localización: as máquinas expendedoras de produtos do tabaco só se poderán situar no interior de locais, centros ou establecementos en que non estea prohibido fumar, así como naqueles a que se refiren as letras b) c) e d) do artigo 8.1. nunha localización que permita a vixilancia directa e permanente do seu uso por parte do titular do local ou dos seus traballadores. Non se poderán situar nas áreas anexas ou de acceso previo aos locais como son as zonas de cortaventos, pórticos, corredores de centros comerciais, vestíbulos, distribuidores, escaleiras, soportais ou lugares similares que

poidan ser parte dun inmovible pero non constitúen propiamente o interior deste.

c) Advertencia sanitaria: na superficie frontal das máquinas figurará, de forma clara e visible, en castelán e nas linguas cooficiais das comunidades autónomas, unha advertencia sanitaria sobre os prexuízos para a saúde derivados do uso do tabaco, especialmente para os menores, de acordo coas características que sinalen as normas autonómicas no seu respectivo ámbito territorial.

d) Características: para garantir o uso correcto destas máquinas, deberán incorporar os mecanismos técnicos axeitados que permitan impedir o acceso aos menores de idade.

e) Incompatibilidade: nestas máquinas non se poderán subministrar outros produtos distintos do tabaco.

f) Rexistro: as máquinas expendedoras de produtos do tabaco inscribíranse nun rexistro especial xestionado polo Comisionado para o Mercado de Tabacos.

#### Artigo 5. *Prohibición de venda e subministración en determinados lugares.*

Sen prexuízo do disposto nos artigos anteriores, queda prohibida a venda e subministración de produtos do tabaco nos seguintes lugares:

a) Centros e dependencias das administracións públicas e entidades de dereito público.

b) Centros sanitarios ou de servizos sociais e as súas dependencias.

c) Centros docentes, independentemente da idade do alumnado e do tipo de ensino.

d) Centros culturais.

e) Centros e instalacións deportivas.

f) Centros de atención e de ocio e de esparexemento dos menores de idade.

g) En calquera outro lugar, centro ou establecemento onde estea prohibido o seu consumo, así como nos espazos ao aire libre sinalados no artigo 7.

h) Nos lugares onde se permita habilitar zonas para fumadores non se poderá vender tabaco, salvo no suposto previsto nas letras b) c) e d) do artigo 8.1, en que se poderá vender a través de máquinas expendedoras debidamente autorizadas.

#### Artigo 6. *Limitacións ao consumo dos produtos do tabaco.*

O consumo de produtos do tabaco deberá facerse exclusivamente naqueles lugares ou espazos en que non estea totalmente prohibido ou nos especialmente habilitados para iso. Para tales efectos distínguese entre os lugares nos cales está totalmente prohibido fumar e aqueles outros en que, malia esa prohibición, se permite a habilitación de zonas para o consumo do tabaco.

#### Artigo 7. *Prohibición total de fumar.*

Prohíbese totalmente fumar, ademais de naqueles lugares ou espazos definidos na normativa das comunidades autónomas, en:

a) Centros de traballo públicos e privados, salvo nos espazos ao aire libre.

b) Centros e dependencias das administracións públicas e entidades de dereito público.

c) Centros, servizos ou establecementos sanitarios.

d) Centros docentes e formativos, independentemente da idade do alumnado e do tipo de ensino.

e) Instalacións deportivas e lugares onde se desenvolvan espectáculos públicos, sempre que non sexan ao aire libre.

f) Zonas destinadas á atención directa ao público.

g) Centros comerciais, incluíndo grandes superficies e galerías, salvo nos espazos ao aire libre. Nos bares, restaurantes e demais establecementos de hostalaría e restauración situados no seu interior e separados do resto das súas dependencias non se poderá fumar, sexa cal for a súa superficie, salvo que se habiliten zonas para fumadores, de acordo co establecido nesta lei.

h) Centros de atención social para menores de dezoito anos.

i) Centros de ocio ou esparexemento, nos cales se permita o acceso a menores de dezoito anos, salvo nos espazos ao aire libre.

j) Centros culturais, salas de lectura, exposición, biblioteca, conferencias e museos.

k) Salas de festa ou de uso público en xeral durante o horario ou intervalo temporal en que se permita a entrada a menores de dezoito anos.

l) Áreas ou establecementos onde se elaboren, transformen, preparen, degusten ou vendan alimentos.

m) Ascensores e elevadores.

n) Cabinas telefónicas, recintos dos caixeiros automáticos e outros espazos de uso público de reducido tamaño.

Enténdese por espazo de uso público de reducido tamaño aquel que non ocupe unha extensión superior a cinco metros cadrados.

ñ) Vehículos ou medios de transporte colectivo urbano e interurbano, vehículos de transporte de empresa, taxis, ambulancias, funiculares e teleféricos.

o) Todos os espazos do transporte suburbano (vagóns, plataformas, corredores, escaleiras, estacións, etc.), salvo os espazos que se atopen por completo ao aire libre.

p) Medios de transporte ferroviarios e marítimos salvo nos espazos ao aire libre.

q) Aeronaves con orixe e destino en territorio nacional e en todos os voos de compañías aéreas españolas, incluídos aqueles compartidos con voos de compañías estranxeiras.

r) Estacións de servizo e similares.

s) En calquera outro lugar en que, por mandato desta lei ou doutra norma ou por decisión do seu titular, se prohiba fumar.

i) En calquera outro lugar no cal, sen existir prohibición de fumar, o seu titular así o decida.

j) En calquera lugar ou espazo permitido pola normativa das comunidades autónomas, fóra dos supostos enumerados no artigo 7.

2. Poderanse habilitar zonas para fumar unicamente nos lugares sinalados no punto anterior, sempre que reúnan, polo menos, os seguintes requisitos:

a) Deberán estar debida e visiblemente sinalizadas en castelán e na lingua cooficial, coas exixencias requiridas polas normas autonómicas correspondentes.

b) Deberán estar separadas fisicamente do resto das dependencias do centro ou entidade e completamente compartimentadas, e non ser zonas de paso obrigado para as persoas non fumadoras, salvo que estas teñan a condición de traballadoras ou empregadas naquelas e sexan maiores de dezaseis anos.

c) Deberán dispor de sistemas de ventilación independente ou doutros dispositivos ou mecanismos que permitan garantir a eliminación de fumes.

d) En todo caso, a superficie da zona habilitada deberá ser inferior ao 10 por cento da total destinada a clientes ou visitantes do centro ou establecemento, salvo nos supostos a que se refiren as letras b) c) e d) do punto anterior, nos cales se poderá destinar, como máximo, o 30 por cento das zonas comúns para as persoas fumadoras. En ningún caso, o conxunto das zonas habilitadas para fumadores en cada un dos espazos ou lugares a que se refire o punto 1 deste artigo poderá ter unha superficie superior a trescentos metros cadrados.

Nos lugares designados na letra b) do punto 1 deste artigo, poderase reservar ata un 30 por cento de cuartos para hóspedes fumadores.

e) Nos establecementos en que se desenvolvan dúas actividades, separadas no espazo, das enumeradas neste artigo, a superficie útil computarase para cada unha delas de forma independente, excluíndo do cómputo as zonas comúns e de tránsito, en que, en ningún caso, se permitirá o consumo de tabaco.

En todos os casos en que non fose posible dotar estas zonas dos requisitos exixidos, manterase a prohibición de fumar en todo o espazo.

3. Nas zonas habilitadas para fumar dos establecementos a que se refire este artigo non se permitirá a presenza de menores de dezaseis anos.

#### Artigo 8. *Habilitación de zonas para fumar.*

1. Prohíbese fumar, aínda que se permite habilitar zonas para fumar, nos seguintes espazos ou lugares:

a) Centros de atención social.

b) Hoteis, hostais e establecementos análogos.

c) Bares, restaurantes e demais establecementos de restauración pechados, cunha superficie útil destinada a clientes ou visitantes igual ou superior a cen metros cadrados, salvo que estean situados no interior de centros ou dependencias en que se prohiba fumar de acordo co previsto no artigo 7.

d) Salas de festa, establecementos de xogo ou de uso público en xeral durante o horario ou intervalo temporal en que non se permita a entrada a menores de dezoito anos, salvo nos espazos ao aire libre.

e) Salas de teatro, cinema e outros espectáculos públicos que se realizan en espazos pechados. Nestes casos, a situación da zona de fumadores deberá situarse fóra das salas de representación ou proxección.

f) Aeroportos.

g) Estacións de autobuses.

h) Estacións de transporte marítimo e ferroviario.

### CAPÍTULO III

#### Regulación da publicidade, promoción e patrocinio dos produtos do tabaco

##### Artigo 9. *Limitacións da publicidade, promoción e patrocinio dos produtos do tabaco.*

1. Queda prohibido o patrocinio dos produtos do tabaco, así como toda clase de publicidade e promoción dos citados produtos en todos os medios e soportes, incluídas as máquinas expendedoras e os servizos da sociedade da información, coas seguintes excepcións:

a) As publicacións destinadas exclusivamente aos profesionais que interveñen no comercio do tabaco.

b) As presentacións de produtos do tabaco a profesionais do sector no marco da Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria, así como a promoción dos ditos produtos nas expendedoras de tabaco e timbre do Estado, sempre que non teña como destinatarios os menores de idade nin supoña a distribución gratuíta de tabaco, ou de bens e servizos relacionados exclusivamente con produtos do

tabaco ou co hábito de fumar ou que leven aparelados nomes, marcas, símbolos ou calquera outros signos distintivos que sexan utilizados para os produtos do tabaco. En todo caso, o valor ou prezo dos bens ou servizos citados non poderá ser superior ao cinco por cento do prezo dos produtos do tabaco de que se pretenda facer promoción.

En ningún caso, as ditas actividades se poderán realizar nos escaparates nin se estender fóra da devanditos establecementos, nin se dirixir ao exterior.

c) As publicacións que conteñan publicidade de produtos do tabaco editadas ou impresas en países que non forman parte da Unión Europea, sempre que as devanditas publicacións non estean destinadas principalmente ao mercado comunitario, salvo que estean dirixidas principalmente aos menores de idade.

2. Prohíbese, fóra da rede de expendedorías de tabaco e timbre do Estado, a distribución gratuíta ou promocional de produtos, bens ou servizos ou calquera outra actuación, cuxo obxectivo ou efecto directo ou indirecto, principal ou secundario, sexa a promoción dun produto do tabaco.

#### Artigo 10. *Reglas aplicables a denominacións comúns.*

Queda prohibido o emprego de nomes, marcas, símbolos ou calquera outro signo distintivo que sexan utilizados para identificar no tráfico produtos do tabaco e, simultaneamente, outros bens ou servizos e que sexan comercializados ou ofrecidos por unha mesma empresa ou grupo de empresas.

Para tal efecto, consideraranse pertencentes a un mesmo grupo as empresas que constitúan unha unidade de decisión, porque algunha delas exerza ou poida exercer, directa ou indirectamente, o control das demais, ou porque o devandito control corresponda a unha ou varias persoas físicas que actúen sistematicamente en concerto. Presumirase que existe en todo caso unidade de decisión cando concorra algún dos supostos previstos no punto 1 do artigo 42 do Código de comercio e no artigo 4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

### CAPÍTULO IV

#### **Medidas de prevención do tabaquismo, de promoción da saúde e de facilitación da deshabitación tabáquica**

##### Artigo 11. *Accións e programas.*

As administracións públicas competentes promoverán directamente e en colaboración con sociedades científicas, axentes sociais e organizacións non gobernamentais, accións e programas de educación para a saúde, información sanitaria e de prevención do tabaquismo.

##### Artigo 12. *Dos programas de deshabitación tabáquica.*

As administracións públicas competentes promoverán o desenvolvemento de programas sanitarios para a deshabitación tabáquica na rede asistencial sanitaria, en especial na atención primaria. Así mesmo, promoveranse os programas de promoción do abandono do consumo de tabaco en institucións docentes, centros sanitarios, centros de traballo e ámbitos deportivos e de ocio. A creación de unidades de deshabitación tabáquica potenciarase e promoverase no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.

##### Artigo 13. *Adopción de medidas.*

Na adopción das medidas a que se refire este capítulo atenderanse, de xeito particular, a perspectiva de xénero e as desigualdades sociais. Así mesmo, as administracións públicas competentes promoverán as medidas necesarias para a protección da saúde e a educación dos menores, co fin de previr e evitar o inicio no consumo e de axudalos no abandono da dependencia. Potenciarase a posta en marcha de programas de actuación na atención pediátrica infantil con información específica para os pais fumadores e campañas sobre os prexuízos que a exposición ao fume provoca nos menores.

##### Artigo 14. *Criterios e protocolos das unidades de prevención e control do tabaquismo.*

O Ministerio de Sanidade e Consumo establecerá, en coordinación coas comunidades autónomas e coas sociedades científicas correspondentes, os criterios e protocolos definitorios das unidades de prevención e control do tabaquismo.

##### Artigo 15. *Colaboración dos poderes públicos.*

De conformidade cos obxectivos desta lei, o Goberno, en colaboración coas comunidades autónomas, e no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, propondrá as iniciativas, programas e actividades que se van desenvolver para o mellor cumprimento desta lei e coordinará as actuacións intersectoriais e interterritoriais.

##### Artigo 16. *Do Observatorio para a Prevención do Tabaquismo.*

Crearase no seo do Ministerio de Sanidade e Consumo, e en colaboración coas comunidades autónomas, sociedades científicas, asociacións de consumidores e organizacións non gobernamentais, o Observatorio para a Prevención do Tabaquismo. As súas funcións, entre outras, serán:

- 1) Propor as iniciativas, programas e actividades que se van realizar para lograr os obxectivos da lei.
- 2) Establecer os obxectivos de redución da prevalencia do tabaquismo.
- 3) Elaborar un informe anual sobre a situación, aplicación, resultados e cumprimento desta lei.

##### Artigo 17. *Do destino das sancións impostas.*

As administracións competentes poderán destinar total ou parcialmente os importes pola recadación de sancións, dispostas conforme o establecido nesta lei, ao desenvolvemento de programas de investigación, de educación, de prevención, de control do tabaquismo e de facilitación da deshabitación tabáquica.

### CAPÍTULO V

#### **Réxime de infraccións e sancións**

##### Artigo 18. *Disposicións xerais.*

1. A potestade sancionadora regulada nesta lei exercerase, en todo o non previsto nela, de conformi-

dade co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, todo iso sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutro tipo que poidan concorrer.

2. Nos procedementos sancionadores por infraccións graves ou moi graves poderase adoptar, conforme a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e as súas normas de desenvolvemento, e sen prexuízo das que puidesen establecer as normas das comunidades autónomas, as medidas de carácter provisional previstas na devanditas normas que se consideren necesarias para asegurar a eficacia da resolución que definitivamente se dite, o bo fin do procedemento, evitar o mantemento dos efectos da infracción e as exixencias dos intereses xerais. En particular, poderanse acordar as seguintes:

a) En caso de infraccións moi graves, a suspensión temporal da actividade do infractor e, de ser o caso, o peche provisional dos seus establecementos.

b) A precintaxe, o depósito ou a incautación dos produtos do tabaco.

c) A precintaxe, o depósito ou a incautación de rexistros, soportes e arquivos informáticos e de documentos en xeral, así como de aparellos e equipamentos informáticos de todo tipo.

d) Advertir o público da existencia de posibles condutas infractoras e da incoación do expediente sancionador de que se trate, así como das medidas adoptadas para o cesamento das ditas condutas.

Na adopción e cumprimento de tales medidas respectaranse, en todo caso, as garantías, normas e procedementos previstos no ordenamento xurídico para protexer os dereitos á intimidade persoal e familiar, á protección dos datos persoais, á liberdade de expresión ou á liberdade de información, cando estes puidesen resultar afectados.

En casos de urxencia e para a inmediata protección dos intereses implicados, as medidas provisionais previstas neste artigo poderán ser acordadas antes da iniciación do expediente sancionador. As medidas deberán ser confirmadas, modificadas ou levantadas no acordo de iniciación do procedemento, que deberá efectuarse dentro dos 15 días seguintes ao da súa adopción, o cal poderá ser obxecto do recurso que proceda. En todo caso, as ditas medidas quedarán sen efecto se non se inicia o procedemento sancionador no devandito prazo ou cando o acordo de iniciación non conteña un pronunciamiento expreso acerca daquelas. O órgano administrativo competente para resolver o procedemento sancionador poderá impoñer multas coercitivas por importe que non exceda os 6.000 euros por cada día que transcorra sen cumprir as medidas provisionais que fosen acordadas.

3. As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos; as graves, aos dous anos, e as leves, aos seis meses. As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos; as impostas por faltas graves, aos dous anos, e as impostas por faltas leves, ao ano.

#### Artigo 19. *Infraccións.*

1. As infraccións por incumprimento do previsto nesta lei clasifícanse en leves, graves e moi graves.

2. Consideraranse infraccións leves:

a) Fumar nos lugares en que exista prohibición total ou fóra das zonas habilitadas para o efecto.

b) Non dispor ou non expor en lugar visible nos establecementos en que estea autorizada a venda de produtos do tabaco os carteis que informen da prohibición de venda de tabaco aos menores de dezoito anos e advirtan sobre os prexuízos para a saúde derivados do uso do tabaco.

c) Que as máquinas expendedoras non dispoñan da preceptiva advertencia sanitaria ou non cumpran coas características legalmente preceptivas.

d) Non informar na entrada dos establecementos da prohibición ou non de fumar, así como da existencia de zonas habilitadas para fumadores e non-fumadores ou non cumprir o resto de obrigas formais a que se refire esta lei.

e) Non sinalizar debidamente as zonas habilitadas para fumar.

f) A venda ou comercialización de produtos do tabaco por persoas menores.

3. Consideraranse infraccións graves:

a) Habilitar zonas para fumar en establecementos e lugares onde non estea permitida a súa habilitación ou que aquelas non reúnan os requisitos de separación doutras zonas, ventilación e superficie legalmente exixidas.

b) Permitir fumar nos lugares en que exista prohibición total, ou fóra das zonas habilitadas para o efecto.

c) A acumulación de tres infraccións das previstas no punto 2.a) deste artigo.

d) A comercialización, venda e subministración de cigarros e xarutiños non provistos de capa natural en unidades de empacamento de venda inferior a 20 unidades, así como por unidades individuais.

e) A venda e subministración de cigarros e xarutiños provistos de capa natural por unidades naqueles lugares nos cales iso non estea permitido.

f) A entrega ou distribución de mostras de calquera produto do tabaco, sexan ou non gratuítas.

g) A instalación ou localización de máquinas expendedoras de elaborados de tabaco en lugares expresamente prohibidos.

h) A subministración ou dispensa, a través de máquinas expendedoras de tabaco, de produtos distintos ao tabaco.

i) A venda e subministración de produtos do tabaco mediante a venda a distancia ou procedementos similares, agás a venda a través de máquinas expendedoras.

j) A distribución gratuítas ou promocional, fóra da rede de expendedorías de tabaco e timbre do Estado, de produtos, bens ou servizos coa finalidade ou efecto directo ou indirecto de promover un produto do tabaco.

k) A venda de produtos do tabaco con desconto.

l) A venda ou entrega a persoas menores de dezoito anos de produtos do tabaco ou de produtos que imiten produtos do tabaco e induzan a fumar, así como de doces, refrixerios, xoguets e outros obxectos que teñan forma de produtos do tabaco e poidan resultar atractivos para os menores.

m) Permitirlles aos menores de dezoito anos o uso de máquinas expendedoras de produtos do tabaco.

n) Que as máquinas expendedoras non dispoñan do mecanismo axeitado de activación ou posta en marcha polo titular do establecemento.

ñ) A distribución gratuítas ou promocional de produtos, bens ou servizos coa finalidade ou efecto directo ou indirecto de promover un produto do tabaco a menores de dezoito anos.

o) A comercialización de bens ou servizos utilizando nomes, marcas, símbolos ou outros signos distintivos xa utilizados para un produto do tabaco en condicións dis-

tintas das permitidas no artigo 10 e na disposición transitoria segunda.

p) A comercialización de produtos do tabaco utilizando o nome, a marca, o símbolo ou calquera outro signo distintivo de calquera outro ben ou servizo en condicións distintas das permitidas nesta lei.

q) A venda, cesión ou subministración de produtos do tabaco incumprindo as demais prohibicións ou limitacións establecidas nesta lei.

r) A distribución gratuita nas expendedorías de tabaco e timbre do Estado de bens e servizos relacionados exclusivamente con produtos do tabaco ou co hábito de fumar, ou que leven aparelhados nomes, marcas, símbolos ou calquera outro signo distintivo que sexan utilizados para os produtos do tabaco.

4. Son infraccións moi graves a publicidade, promoción e patrocinio dos produtos do tabaco en todos os medios, incluídos os servizos da sociedade da información, salvo os supostos previstos no artigo 9.1.

#### Artigo 20. Sancións.

1. As infraccións leves previstas no artigo 19.2.a) serán sancionadas con multa de ata 30 euros se a conduta infractora se realiza de forma illada, e con multa de 30 ata 600 euros nos demais casos; as graves con multa desde 601 euros ata 10.000 euros, e as moi graves, desde 10.001 euros ata 600.000 euros.

2. A contía da sanción que se impoña, dentro dos límites indicados, graduarase tendo en conta o risco xerado para a saúde, a capacidade económica do infractor, a repercusión social da infracción, o beneficio que lle reportase ao infractor a conduta sancionada e a previa comisión dunha ou máis infraccións a esta lei. As sancións dividiránse, dentro de cada categoría, en tres graos, mínimo, medio e máximo. Imporáse en grao máximo as sancións por feitos cuxo prexudicado ou suxeito pasivo sexa un menor de idade e as que se impoñan nos casos en que a conduta infractora se realice con habitualidade ou de forma continuada, salvo que a habitualidade ou continuidade formen parte do tipo da infracción. Imporase en grao mínimo cando se cometa un menor de idade, sen prexuízo do disposto no artigo 21.8.

3. En todo caso, cando a contía da multa resulte inferior ao beneficio obtido pola comisión da infracción, a sanción será aumentada ata o dobre do importe en que se beneficiase o infractor.

4. Se un mesmo feito ou omisión fose constitutivo de dúas ou máis infraccións, tipificadas nesta ou outras leis, tomarase en consideración unicamente aquela que comporte a maior sanción.

5. Cando, a xuízo da Administración, a infracción puidese ser constitutiva de delito ou falta, o órgano administrativo dará traslado ao Ministerio Fiscal e abstérase de proseguir o procedemento sancionador mentres a autoridade xudicial non se pronuncie. A sanción penal excluírá a imposición da administrativa.

6. A exixencia de responsabilidades administrativas será compatible coas civís ou doutra orde que puidesen concorrer.

7. As contías das multas serán revisadas e actualizadas periodicamente polo Goberno mediante real decreto.

#### Artigo 21. Persoas responsables.

1. Das diferentes infraccións será responsable o seu autor, entendendo por tal a persoa física ou xurídica que cometa os feitos tipificados como tales.

2. No caso das infraccións tipificadas no artigo 19.2.b) d), e) e f) e 19.3.a), serán responsables os titulares dos establecementos en que se cometa a infracción.

3. Das infraccións tipificadas no artigo 19.2.c) e 19.3.n) responderán solidariamente o fabricante, o importador, de ser o caso, o distribuidor e o explotador da máquina.

4. Das infraccións tipificadas no artigo 19.3.g) e h) será responsable o explotador da máquina.

5. No caso do artigo 19 nos puntos 3. b) e 3. l) no suposto de venda de produtos do tabaco a menores de dezoito anos e do artigo 19.3. m), responderá o titular do local, centro ou establecemento en que se cometa a infracción ou, no seu defecto, o empregado daquel que estivese a cargo do establecemento ou centro no momento de se cometer a infracción. Se o titular do local, centro ou establecemento fose unha Administración pública, responderá a dita Administración, sen prexuízo de que esta lles exixa ás súas autoridades e demais persoal ao seu servizo a responsabilidade en que incorresen.

6. No caso da infracción tipificada no artigo 19.3.l), de entrega a persoas menores de dezoito anos de produtos do tabaco, será responsable quen realizase a entrega ao menor.

7. No caso de infraccións en materia de publicidade, será considerado responsable solidario, ademais da empresa publicitaria, o beneficiario da publicidade, entendendo por tal o titular da marca ou produto anunciado, así como o titular do establecemento ou espazo en que se emite o anuncio.

8. Cando sexa declarada a responsabilidade dos feitos cometidos por un menor, responderán solidariamente con el os seus pais, titores, acolletores e gardadores legais ou de feito por esta orde, en razón ao incumprimento da obriga imposta a estes, que leva consigo un deber de previr a infracción administrativa que se lles impute aos menores. A responsabilidade solidaria virá referida á pecuniaria derivada da multa imposta. Co previo consentimento das persoas referidas e oído o menor, poderase substituír a sanción económica da multa polas medidas reeducadoras que determine a normativa autonómica.

#### Artigo 22. Competencias de inspección e sanción.

1. A Administración xeral do Estado exercerá as funcións de inspección e control, de oficio ou por demanda de parte, así como a instrución de expedientes sancionadores e imposición de sancións, no ámbito do transporte aéreo, marítimo ou terrestre, cando estes se desenvolvan no marco supraautonómico ou internacional, así como en todos aqueles recintos, dependencias ou medios que, polas súas características, excedan o ámbito competencial das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía.

2. Os órganos competentes das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía, de ser o caso, exercerán as funcións de control e inspección, de oficio ou por instancia de parte, así como a instrución de expedientes sancionadores e imposición de sancións.

3. As competencias sancionadoras dos órganos a que se refire este artigo enténdense sen prexuízo das que lle corresponden ao Comisionado para o Mercado de Tabacos de acordo coa Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria.

4. Tratándose das infraccións cometidas a través da radio ou televisión, as comunidades autónomas exercerán o control e a inspección para garantir o cumprimento do previsto nesta lei e, de ser o caso, tramitarán os



correspondentes procedementos sancionadores e impondrán as oportunas sancións en relación cos servizos de televisión e radiodifusión cuxos ámbitos de cobertura, calquera que sexa o medio de transmisión empregado, non superen os seus respectivos límites territoriais. Tamén serán competentes en relación cos servizos de televisión e radiodifusión cuxa prestación a realicen directamente elas ou entidades ás que lles conferisen un título habilitante dentro do correspondente ámbito autonómico.

Correspóndenlle ao Estado, a través do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, as competencias para garantir o cumprimento das disposicións desta lei nos demais servizos de televisión e radio. Nestes supostos, non serán de aplicación as disposicións contidas no capítulo V da Lei 25/1994, do 12 de xullo, de incorporación ao ordenamento xurídico español da Directiva 85/552/CEE, sobre a coordinación de disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros relativas ao exercicio de actividades de radiodifusión televisiva.

5. As infraccións que se cometan a través de servizos ou dispositivos da sociedade da información serán sancionadas polas autoridades a que se refire o artigo 43 de Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos de sociedade de información e de comercio electrónico.

#### Artigo 23. *Exercicio de accións individuais e colectivas.*

1. O titular dun dereito ou interese lexítimo afectado poderá exixir perante os órganos administrativos e xurisdiccionais de calquera orde a observancia e cumprimento do disposto nesta lei.

2. En materia de publicidade, calquera persoa natural ou xurídica que resulte afectada e, en xeral, os que fosen titulares dun dereito subxectivo ou un interese lexítimo poderán solicitar a cesación da publicidade contraria a esta lei, nos termos previstos, segundo proceda, nas leis 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade, 25/1994, do 12 de xullo, pola que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 89/552/CEE, sobre a coordinación de disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros relativas ao exercicio de actividades de radiodifusión televisiva, e 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico.

3. Cando a publicidade ilícita afecte os intereses colectivos ou difusos dos consumidores e usuarios, poderase exercitar a acción colectiva de cesación con amparo nas disposicións citadas no punto 2.

#### Disposición adicional primeira. *Venda manual de cigarros e xarutiños provistos de capa natural.*

Malia o disposto nos artigos 3.1 e 5.g), no que se refire á venda a través da rede de expendedoras de tabaco e timbre e de máquinas expendedoras, permítese a venda manual de cigarros e xarutiños provistos de capa natural nos establecementos a que se refire a letra c) do punto 1 do artigo 8, que contén con autorización administrativa outorgada polo Comisionado para o Mercado de Tabacos.

#### Disposición adicional segunda. *Réxime especial dos pequenos establecementos de hostalaría e restauración en que está permitido fumar.*

Os establecementos de hostalaría e restauración, en que non existe prohibición legal de fumar, por se tratan de establecementos pechados, que sirvan alimentos

e/ou bebidas para o seu consumo, cunha superficie útil destinada a clientes e/ou visitantes inferior a cen metros cadrados, deberán informar, na forma que se sinala na normativa autonómica, en castelán e na lingua cooficial, sobre a decisión de permitir fumar ou non no seu interior. Igualmente, regularase autonOMICAMENTE a información que se deberá incorporar aos anuncios publicitarios, propaganda e demais medios en que anuncie ou informe sobre o establecemento.

#### Disposición adicional terceira. *Centros ou dependencias en que existe prohibición legal de fumar.*

Nos centros ou dependencias en que existe prohibición legal de fumar deberán colocarse na súa entrada, en lugar visible, carteis que anuncien a prohibición do consumo de tabaco e os lugares en que, de ser o caso, se atopan as zonas habilitadas para fumar de acordo co artigo 8.2.

#### Disposición adicional cuarta. *Réxime especial da Comunidade Autónoma de Canarias.*

O disposto nesta lei enténdese sen prexuízo das peculiaridades do réxime económico e fiscal de Canarias respecto da liberdade comercial dos produtos do tabaco nos establecementos comerciais situados no arquipélago canario, sen que esta excepción supoña limitación na aplicación das demais prescricións contidas nesta lei, en especial o previsto nas letras a) b) c) d), e) e f) do artigo 5, e en todo caso as destinadas á protección de menores.

#### Disposición adicional quinta. *Tendas libres de impostos.*

As denominadas «tendas libres de impostos» autorizadas en portos e aeroportos, a que se refire o punto 1) da disposición adicional sétima da Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria, poderán continuar desenvolvendo a súa actividade de venda de tabaco, de conformidade co previsto na citada disposición.

#### Disposición adicional sexta. *Réxime especial dos establecementos penitenciarios.*

Exceptúanse do disposto no artigo 5.a) as expendedoras de tabaco e timbre a que se refire a disposición adicional sétima.2 da Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria.

Nos establecementos penitenciarios permítese habilitar zonas para fumar.

#### Disposición adicional sétima. *Normativa sobre prevención de riscos laborais.*

O establecido nesta lei enténdese sen prexuízo das demais limitacións e prohibicións ao consumo de tabaco contidas na normativa sobre prevención de riscos laborais.

#### Disposición adicional oitava. *Centros, servizos ou establecementos psiquiátricos.*

Nos centros, servizos ou establecementos psiquiátricos poderanse habilitar zonas para os pacientes aos cales, por criterio médico, así se determine.

Disposición adicional novena. *Clubs privados de fumadores.*

Aos clubs privados de fumadores, legalmente constituídos como tales, non lles será de aplicación o disposto nesta lei, relativo á prohibición de fumar, publicidade, promoción e patrocinio, sempre que se realice no interior das súas dependencias e os destinatarios sexan única e exclusivamente os socios.

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio de determinadas expendedorías e das máquinas expendedoras.*

1. As expendedorías de tabaco e timbre do Estado existentes na data de entrada en vigor desta lei que se vexan afectadas pola limitación establecida no artigo 5.g) poderán continuar vendendo elaborados do tabaco ata a extinción da concesión correspondente. Os titulares das restantes expendedorías a que fai referencia o artigo 5 disporán do prazo dun ano, contado desde a entrada en vigor desta lei, para solicitar o cambio de localización de acordo co previsto no artigo 39 do Real decreto 1199/1999, do 9 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria, e se regula o estatuto concesional da rede de expendedorías de tabaco e timbre. Transcorrido o devandito prazo, non se poderán vender produtos do tabaco en tales lugares.

2. Os fabricantes, titulares e cesionarios de máquinas expendedoras de produtos do tabaco disporán do prazo dun ano contado desde a entrada en vigor desta lei para adaptaren as máquinas ás exixencias e requisitos tecnolóxicos a que se refire o artigo 4.d). As máquinas de nova fabricación deberán incorporar tales exixencias desde a data de entrada en vigor desta lei.

Disposición transitoria segunda. *Réxime transitorio das denominacións comúns.*

As denominacións comúns a que se refire o artigo 10 que fosen comercializadas con anterioridade á entrada en vigor desta lei poderán continuar utilizándose, ben que os nomes, marcas, símbolos ou signos distintivos deberán mostrar un aspecto claramente distinto do utilizado no produto do tabaco e non incluír ningún outro signo distintivo xa usado para o devandito produto.

A partir da data de entrada en vigor desta lei, ningún ben ou servizo que se introduza no mercado poderá utilizar nomes, marcas, símbolos ou outros signos distintivos xa utilizados para un produto do tabaco.

Disposición transitoria terceira. *Réxime transitorio aplicable á habilitación de zonas para fumar.*

Os requisitos para habilitar zonas para fumadores a que se refire o punto 2 do artigo 8 serán exixibles unha vez transcorridos oito meses, contados desde a entrada en vigor desta lei. Durante ese período, polo menos, deberán estar debidamente sinalizadas e separadas as zonas de fumadores e non-fumadores.

Disposición transitoria cuarta.

Poderanse seguir comercializando ata tres meses despois da entrada en vigor desta lei as unidades de empaketamento de cigarros, e ata seis meses despois da entrada en vigor as unidades de empaketamento dos demais produtos do tabaco que non se axusten ás disposicións desta lei.

Disposición transitoria quinta.

A prohibición de publicidade ou patrocinio dos produtos do tabaco en todos os medios non alcanzará durante un período de tres anos, contado desde a entrada en vigor desta lei, a publicidade e patrocinio que incorporen os equipos participantes en competicións e eventos deportivos do motor con efectos transfronteirizos, no seu vestiario, complementos, instrumentos, equipamentos, prototipos e/ou vehículos.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas, ademais de cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta lei, as seguintes:

a) O punto 9 do artigo 4 da Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria.

b) O artigo 8.5 da Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade, no referente á publicidade do tabaco.

c) O Real decreto 709/1982, do 5 de marzo, polo que se regula a publicidade e consumo do tabaco.

d) O Real decreto 192/1988, do 4 de marzo, sobre limitacións na venda e uso do tabaco para a protección da saúde da poboación, na redacción dada polo Real decreto 1293/1999, do 23 de xullo.

e) O artigo 32 do Real decreto 1199/1999, do 9 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria e se regula o estatuto concesional da rede de expendedorías de tabaco e timbre.

Disposición derradeira primeira. *Fundamento constitucional.*

1. Esta lei dítase con carácter básico ao abeiro do artigo 149.1.1.<sup>a</sup>, 16.<sup>a</sup>, 18.<sup>a</sup> e 27.<sup>a</sup> da Constitución.

Exceptúase do anterior o artigo 10, que se dita ao abeiro do artigo 149.1.9.<sup>a</sup> da Constitución.

2. Correspóndelles ás comunidades autónomas, no seu respectivo ámbito territorial, aprobar as normas de desenvolvemento e execución desta lei.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación ao Goberno.*

O Goberno ditará, no ámbito das súas competencias, as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2006, agás as normas contidas no capítulo III, e as do capítulo V cando se trate de sancionar infraccións cometidas nos supostos a que se refire o capítulo III, que entrarán en vigor o mesmo día da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 26 de decembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO